

A xornada *Emprender baixo a fórmula cooperativa* enmárcase no programa de actuación 2015 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A través da Rede Eusumo:

- Foméntase o espírito emprendedor a través da fórmula cooperativa.
- Préstase apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.
- Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



**Inscrición:**

A xornada ten carácter gratuíto.  
Prazo de inscrición: ata o 24 de febreiro de 2015  
Entregarase diploma de asistencia

Pódeste inscribir facilitando o teu nome, DNI, teléfono e correo electrónico no teléfono 981 55 80 08 ou en [info@eusumo.coop](mailto:info@eusumo.coop)

Máis información en

 981 558 008  [info@eusumo.coop](mailto:info@eusumo.coop)  [www.eusumo.coop](http://www.eusumo.coop)



Xornada  
**EMPRENDER BAIXO A  
FÓRMULA COOPERATIVA**

**UNHA BOA OPCIÓN DE EMPRENDEMENTO**



**25 de febreiro de 2015  
A Coruña**

**Confederación de Empresarios de  
A Coruña**  
Plaza de Luis Seoane Torre 1  
Entreplanta, 15008  
A Coruña



**XUNTA DE GALICIA**

Esta xornada pretende amosar as **vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa** como modelo empresarial máis axeitado para emprender nos momentos actuais:

- Achegar o modelo cooperativo a persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego.
- Dar a coñecer o modelo cooperativo: as súas características e particularidades.
- Achegar aos participantes experiencias reais de cooperativas.
- Coñecer os pasos para crear un proxecto cooperativo.
- Mostrar os recursos e ferramentas a disposición do impulso ao cooperativismo.



## a quen vai dirixida?



Esta xornada pretende achegar o modelo empresarial cooperativo a **persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego.**

### **\_10:00h Presentación da Rede Eusumo**

Coordinación técnica da Rede Eusumo

### **\_10:15h Coñecendo a fórmula empresarial cooperativa**

Mercedes Gómez. Técnico de emprendemento da Rede Eusumo

- As cooperativas como modelo empresarial: Características e particularidades das cooperativas, entorno cooperativo, principios e valores cooperativos.
- Tipos de cooperativas: escolle a que mellor se adapta as vosas necesidades e expectativas.
- Diferenzas con outras fórmulas xurídicas.

### **\_11:45h Pausa**

### **\_12:00 Caso de éxito Cooperativo: Preguntémoslle as cooperativas sobre a súa experiencia**

Hábitat Social S. Coop. Galega

### **\_12:30h Vós tamén podeades ser emprendedores**

Alexandre Pereira. Técnico de emprendemento da Rede Eusumo

- Factores de éxito para emprender. Por onde empezar.
- Emprender en equipo ou individualmente, qué che interesa máis.
- Satisfai a vosa idea algunha necesidade real.
- Hai xente disposta a pagar polo que ofrecedes.

### **\_13:15h Ferramentas e apoios existentes para o cooperativismo**

Mercedes Gómez. Técnico de emprendemento da Rede Eusumo

- Quen e como che poden axudar a crear unha cooperativa.
- Como poderías aproveitar as subvencións e incentivos específicos dos que disfrutan as cooperativas.

### **\_14:00h Peche do obradoiro**